

▼ MEDIO AMBIENTE



Unha das consecuencias do cambio climático en Galicia é o adianto da vendima

O clima que vén

Un estudo analizará o cambio climático no campo galego

REDACCIÓN

A asociación Sectorial Forestal de Galicia iniciará un proxecto europeo para analizar a situación do campo galego diante do cambio climático que padece Galicia desde fai uns anos, co fin de deseñar unha estratexia para que agricultores e gandeiros preparen os seus sistemas produtivos e formas de traballo á nova situación.

Este é o plano de traballo que desenvolverá Asefoga dentro do programa *Retos e oportunidades para o sector agroforestal galego no século XXI*, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Fundación Biodiversidade no marco do Programa Operativo *Iniciativa Empresarial e Formación Continua*.

O labor que desenvolverá Asefoga no próximo ano acaba de empezar, pero xa se poden avanzar algunhas evidencias e estimar as consecuencias nun escenario non moi afastado.

O cambio climático avanza e, aínda que o ser humano poida frear as emisións de gases que provocan o efecto invernadoiro e aínda que o sector agrario poida tamén poñer o seu gran de area na súa redución, é necesario adoptar medidas como as que a asociación presentará, xunto coa colaboración do Catadrático de Edafoloxía da Fa-

cultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela, Francisco Díaz Fierros.

Xunto co estudo a realizar e a posterior publicación dos resultados, o proxecto tamén busca formar ós profesionais agrarios (mediante cursos), editar unha

guía de boas prácticas medioambientais e concienciar á sociedade agraria en xeral sobre a importancia do futuro a raíz do cambio climático.

As evidencias do que vén son claras. No mes de febreiro rexístranse novos mínimos de precipitación, nun momento no que os cultivos e as forrajes precisan de aportes de auga. Ata agora só se rexistraban mínimos de precipitación no verán, en especial en agosto.

Ademais, a floración do olmo adiantouse 30 días nos últimos 30 anos, e a vendima adiantouse notablemente con respecto a países como Francia e Alemania.

En Santiago, un estudo desenvolvido no Monte Pedroso revelou unha mudanza de poboación na mosca *drosophila suboscuro*, aumentando a poboación cun xene adaptado ó calor.

Así, todas as previsións apuntan a que no 2060, Galicia terá un clima similar á Beira Litoral Portuguesa (rexión do interior próxima ao río Duero) e será máis significativo nas zonas do interior das provincias de Pontevedra e Ourense.

Ademais, medrará o risco de incendios polas condicións climáticas e diminuirá a perda de nutrientes por lixiviación, debido á menor caída de precipitacións.

Desaparición dalgunhas especies forestais

En Galicia, o cambio climático provocará que as especies menos adaptadas ó calor, como o carballo, se despracen en altitude e que as máis adaptadas ao frío tenderán a desaparecer.

Asimesmo, expandirase a área de vide e mellorará a calidade de uva. Tamén aumentará a produtividade do sector forestal durante 40 ou 50 anos polo aumento do CO₂ e da fotosíntese e despois decaerá por déficit hídrico.